

## CIG-SAÚDE DENUNCIA

# PERSONAL SERGAS: COSTA ABAIXO E SEN FREOS

### PARA NÓS, DUPLO RECORTE

O goberno do PP xa aplicou o recorte salarial ás traballadoras e traballadores do SERGAS desde o ano 2009 coa suspensión do acordo retributivo 2008-12. A pesares disto, a sanidade pública galega sufriu un retroceso importante tanto no eido laboral como no asistencial. O argumento do goberno de que esta medida fa dirixida a solucionar a crise e a crear emprego como mostra de solidariedade coas desempregadas e desempregados, tradúciuse en que na Galiza desde que goberna o PP o desemprego incrementouse nun 44,6%. A solidariedade do PP cós nosos cartos foi dirixida exclusivamente a mellorar os salarios e as subvencións dos seus acólitos.

A contribución para paliar a crise que xa fixemos cos nosos salarios desde a **suspensión do acordo retributivo** tradúcese en:

INCREMENTO RETRIBUTIVO XERAL (MENSUAL)			
	2010	2011	TOTAL
A1	€ 30,36	€ 43,64	€ 74,00
A2	€ 26,67	€ 42,78	€ 70,85
C1	€ 27,79	€ 40,00	€ 69,57
C2	€ 26,57	€ 38,21	€ 64,78
BP	€ 25,23	€ 36,35	€ 61,64

  

NOCTURNIDADE (CADA MÓDULO)			
	2010	2011	TOTAL
A2	€ 3,00	€ 3,00	€ 6,00
C1	€ 3,00	€ 3,00	€ 6,00
C2	€ 3,00	€ 3,00	€ 6,00
BP	€ 3,00	€ 3,00	€ 6,00

  

FESTIVIDADE (CADA MÓDULO)			
	2010	2011	TOTAL
A2	€ 1,00	€ 1,00	€ 2,00
C1	€ 1,00	€ 1,00	€ 2,00
C2	€ 1,00	€ 1,00	€ 2,00
BP	€ 1,00	€ 1,00	€ 2,00

  

NOTES PREFESTIVAS (C/MÓDULO)			
	2010	2011	TOTAL
A2	€ 6,00	€ 6,00	€ 12,00
C1	€ 6,00	€ 6,00	€ 12,00
C2	€ 6,00	€ 6,00	€ 12,00
BP	€ 6,00	€ 6,00	€ 12,00

  

ROTATORIO (2010-2011)				
	SIMPLE	COMP.	SIMPLE	COMP.
A2	€ 2,03	€ 4,07	€ 5,00	€ 10,01
C1	€ 1,84	€ 3,27	€ 3,98	€ 7,94
C2	€ 1,48	€ 2,97	€ 3,61	€ 7,22
BP	€ 1,19	€ 2,38	€ 2,89	€ 5,78

E ademais...

\* Carreira Profesional Extraordinaria: grao IV Persoal de Xestión e Servizos e Formación Profesional, grao IV diplomados con integración funcional.

\* Negociación Carreira Ordinaria

A contribución para paliar a crise que faremos agora coas **medidas aprobadas no Congreso dos Deputados** tradúcese en:

SOLDO BASE	
	€
A1	€ 62,26
A2	€ 26,61
C1	€ 14,69
C2	€ 1,50
BP	€ -

  

TRENOS	
	€
A1	€ 2,00
A2	€ 0,96
C1	€ 0,53
C2	€ 0,04
BP	€ -

  

C. DESTINO (NIVEL)	
	€
30	€ 50,98
29	€ 46,73
28	€ 43,81
27	€ 41,89
26	€ 36,74
25	€ 32,60
24	€ 30,68
23	€ 28,75
22	€ 26,83
21	€ 24,91
20	€ 23,14
19	€ 21,96
18	€ 20,77
17	€ 19,59
16	€ 18,41
15	€ 17,23

  

SOLDO BASE EXTRAS	
	€
A1	€ 537,68
A2	€ 323,27
C1	€ 126,37
C2	€ 7,80
BP	€ -

E ademais...

\* 5% dos Complementos Específico, de Produtividade Fixa, de Atención Continuada...

\* Carreira Profesional???

Por todo isto, e en aplicación do Real Decreto Lei 8/2010, publicado no BOE do 24 de maio de 2010, **o SERGAS débemos cartos.**

## PERSONAL SERGAS: COSTA ABAIXO E SEN FREOS

Os recortes salariais e as outras medidas chamadas de austeridade serviron para que a Consellería de Sanidade reduciра o orzamento do SERGAS até maio de 2010 en 90,8 millóns, non sabemos cando remate o ano a canto ascenderá o recorte. Estes recortes orzamentarios valéronlle ao goberno para aplicar as súas políticas privatizadoras e tiveron os seguintes **efectos**:

Para o persoal:	Para a poboación:
recorte salarial	perda de calidade na asistencia sanitaria
recorte no desfrute de permisos	perda da equidade e da accesibilidade
recorte nas contratacións	freo á mellora da Atención Primaria
recortes no dereito á negociación	incremento escandaloso das listas de espera cirúrxicas e de probas diagnósticas
aumento nas cargas de traballo	introdución do financiamento e xestión privada que nos leva ao copago
diminución do nº de traballadores/as, ao non cubrirse as prazas xa orzamentadas	privatización da Sanidade Pública, co que a <b>sanidade deixará de ser un dereito e pasará a ser un negocio.</b>
suspensión do acordo de xubilación anticipada	

**Todo isto acompañado dunha campaña orquestrada para desprestixiar a nosa laboura como profesionais.**

As medidas que o goberno do Estado Español e o goberno de Galiza nos queren impor non son para saír da crise, nin para crear emprego, nin para favorecer aos máis desfavorecidos.

Simplemente son para contentar ao gran capital que substituíu o lema de que a banca e a gran empresa teñen que ter beneficios, polo lema de: "A costa da clase traballadora e dos servizos públicos a nosa avaricia non vai ter límites".

No ano 2009 esta foi a súa crise: A fraude fiscal e a evasión de impostos ascende a 80.000 millóns de euros, os beneficios da banca ascenden a 50.000 millóns de euros e o das grandes empresas a 32.000 millóns de euros. **Quen fala de crise?**



Concentracións nos centros o 2 de xuño.

Folga na área pública o 8 de xuño.



[Descarga, imprime e reparte no teu centro de traballo](#)